

EXPEDIENTE:	2021/00020318K
PROCEDEMENTO:	Convocatoria para o outorgamento de novas autorizacións de venda ambulante

BASES REGULADORAS DA ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS PARA O EXERCIZO DA VENDA AMBULANTE DE TEMPORADA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA

Limiar:

Considérase venda ambulante ou non sedentaria aquela realizada por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente de xeito habitual, ocasional, periódica ou continuada nos lugares debidamente autorizados, en instalacións desmontables ou transportables incluíndo os camións tenda.

A venda ambulante poderá ser exercida por toda persoa física ou xurídica, sexan sociedades mercantís ou cooperativas, legalmente constituídas que se adiquen profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo e reúnan os requisitos establecidos no presente Regulamento e na normativa que lle sexa de aplicación.

O exercicio da venda ambulante, en calquera das súas modalidades, no termo municipal de Santiago de Compostela requirirá a previa autorización do Concello.

1.-Obxecto da convocatoria:

A presente convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, ten por obxecto o outorgamento das autorizacións administrativas para a instalación de postos desmontables na vía pública destinados ao exercizo de actividades de venda ambulante de temporada.

A autorización habilitará para o exercizo da venda ambulante de temporada nos espazos previamente delimitados polo Concello nas seguintes rúas: Porta Faxeira, Praza do Toural, Cantón do Toural, Praza de Cervantes, Praza da Inmaculada, Alameda, Praza Roxa, Hórreo, Xoan XXIII e Dársena de Xoan XXIII.

A autorización habilitará para o exercizo da actividade, ademais do seu titular, ó cónxuxe deste, ós seus descendentes directos maiores de 16 anos, ascendentes que convivan con eles, irmáns e ás persoas vinculadas a él mediante contrato laboral.

A autorización outorgada será persoal e transmisíble nos termos do Regulamento de Venda Ambulante.

Asignarase un posto por persoa, sexa física ou xurídica, se ben no caso das sociedades cooperativas de traballo asociado e sociedades civís, poderase outorgar ata un máximo de dous postos para os cooperativistas ou traballadores

que queiran exercer a actividade. O número de autorizacións asignadas ás persoas xurídicas, non poderá exceder do 50% do número total das outorgables para cada zona.

Número de postos e ubicación:

Xeados e castañas: Un posto na Porta Faxeira, un posto na Praza do Toural, un posto no Cantón do Toural, un posto na Praza de Cervantes, un posto na Alameda, un posto na Praza Roxa, un posto no Hórreo, segundo plano anexo.

Recordos ou souvenirs: catro postos en Xoan XXXIII, un posto na dársena de Xoan XXIII, seis postos na Praza da Inmaculada, segundo plano anexo. Establecerase un sistema de rotación nas diferentes ubicacións.

Datas e horarios: A actividade poderá exercerse desde as 9 ata as 21 horas diariamente.

POSTOS DE TEMPORADA DE CASTAÑAS do 1 de novembro ao 31 de marzo .

POSTOS DE TEMPORADA DE XEADOS: do 1 de abril ao 31 de outubro.

POSTOS RECORDOS: do 15 de marzo ao 31 de outubro

O Concello resérvase a potestade de modificar as ubicacións ou suprimir os postos, previa comunicación aos titulares autorizados, ante a concorrencia de circunstancias excepcionais ou de interese xeral que o fixeran necesario.

2.-Réxime económico:

O exercizo da actividade de venda ambulante implica o pagamento da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

3.-Produtos de venda autorizados e tipo de postos:

3.1.- Os produtos autorizados serán xeados, castañas e recordos ou souvenirs.

Os titulares de autorizacións de venda ambulante non poderán vender produtos diferentes aos expresamente autorizados. Calquera modificación ao respecto requirirá aprobación municipal. Queda prohibida a venda de produtos falsificados.

Os postos de alimentación disporán de equipo adecuado e con capacidade suficiente para manter a cadea de frío, se así o require, e disporá de termómetro, un sistema que protexa toda a mercancía das inclemencias metereolóxicas e da radiación solar.

3.2-A venda ambulante realizarase en vehículos ou en postos facilmente desmontables.

Os postos ou vehículos destinados á venda ambulante ubicaranse nos emplacements sinalados ao efecto polo Concello. Non poderán situarse en accesos a edificios de uso público, establecementos comerciais, nin diante dos

seus escaparates e exposicións, nin en lugares que dificulten tales accesos ou a circulación peonil ou rodada.

As dimensións do posto non excederán de 2 por 2 metros e a súa estética previamente aprobada polo Concello, non estando permitido o uso de plásticos como protección para a choiva. A instalación de toldos requirirá a previa supervisión municipal, en todo caso, buscando a homoxeneidade e a integración no espazo; serán de material textil de color marfil.

As instalacións e/ou vehículos adicados á venda de produtos alimenticios cumpriran os requisitos establecidos polas normas sectoriais que resulten de aplicación, especialmente as de carácter sanitario.

4.-Duración e vixencia das autorizacións:

As autorizacións terán unha duración dun ano prorrogable expresamente por anualidades ata un máximo de catro, previa solicitude do interesado. No caso das autorizacións de temporada habilitarán para o exercizo da actividade nese periodo concreto de tempo, prorrogable polo mesmo periodo, na anualidade seguinte co límite de catro anualidades. O prazo para solicitar a renovación será dende o 15 de xaneiro ata o 15 de febreiro. Aqueles titulares que non soliciten a renovación neste prazo perderán o seu dereito ao exercicio da actividade.

A solicitude de renovación farase en impreso normalizado ao que se achegará o xustificante de pago da taxa municipal e a documentación que acredite o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 8.2 do Regulamento de Venda Ambulante.

As autorizacións poderán suspenderse temporalmente por mor de obras na vía pública ou nos servizos, tráfico, imposibilidade sobrevida da súa celebración ou outras causas de interese público. Esta suspensión non xenerará dereito a indemnización por danos e prexuízos aos titulares dos postos afectados.

As autorizacións poden ser revogadas de acordo co disposto neste regulamento, sen que isto dea dereito aos seus titulares a indemnización ou compensación algunha.

5.- Presentación de solicitudes:

Os interesados deberán presentar solicitude conforme ao modelo que se poderá obter na web do Concello de Santiago no prazo de 10 DIAS NATURAIS a partir do día seguinte á publicación da convocatoria. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Santiago ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Ley 39/2015 de 1 de outubro, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, coa documentación citada nesta base 5ª.

Non se admitirán solicitudes con anterioridade ou posterioridade ás datas oficiais establecidas nesta convocatoria. Únicamente no caso de que no prazo oficial

estipulado nesta convocatoria se reciba un número de solicitudes inferior ao número de autorizacións dispoñibles poderanse admitir solicitudes presentadas con posterioridade á data final do período de solicitude e con 20 días de antelación ó desenvolvemento da actividade. Neste caso, teranse en conta tantas solicitudes como sexan necesarias para acadar o número total de autorizacións licitadas, seguindo como único criterio o da orden de entrada da solicitude no rexistro municipal.

5.1-Contido da solicitude:

Na solicitude o interesado deberá indicar os seus datos persoais (nome e apelidos, DNI, domicilio), actividade de venda ambulante na que solicita participar sinalando, obrigatoriamente e a efectos de comunicacións coa Administración, un teléfono móbil de contacto e unha dirección de correo electrónico (e-mail). A omisión e/ou erro na designación dos ditos medios dará lugar á inadmisión das solicitudes presentadas. Por cada domicilio soamente se admitirán como máximo dúas solicitudes.

Documentación anexa:

- a) DNI en vigor do solicitante.
- b) Documento acreditativo de alta na Seguridade Social e xustificante de pago das cotizacións no réxime especial de traballadores autónomo. Dada a temporalidade da actividade poderá aportarse un alta de temporada no Régimen especial de traballadores por conta propia ou autónomos
- c) No caso de indicar a súa pertenza a unha Cooperativa de Traballo Asociado, deberá aportar copia compulsada de pertenza a dita Cooperativa, expedida pola mesma e na que consten os datos persoais así como a calidade de socio do solicitante
- d) Tratándose de estranxeiros, os correspondientes permisos en vigor, de residencia e traballo por conta propia ou, en caso de membro de cooperativas, allea.
- e) Declaración responsable de non estar incurso en ningún dos casos de incapacidade e incompatibilidade establecidos pola Lei.
- f) Acreditación da alta no epígrafe correspondiente do IAE e de non ter débedas co Concello de Santiago.
- g) Mercadorías obxecto de venda.
- h) Declaración responsable na que se fará constar necesariamente os seguintes extremos:
 - Que cumpre tódolos requisitos para o exercicio da venda ambulante na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Que está en posesión da documentación que así o acredite a partir do inicio da actividade.
 - Que se compromete a manter o seu cumprimento na prazo de vixencia da autorización
 - Que reúne as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto de venda.

- i) Acreditación de experiencia por parte do/a solicitante no exercizo da actividade que se pretende desenvolver.
- j) Ter contratada unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos que puidesen derivarse do exercicio da actividade.
- k) Estética do posto: Presentarase unha fotografía do posto ou vehículo e unha memoria descritiva das calidades do mesmo.
- l) Orde de prioridade de ubicación.

De conformidade co artigo 68 LPAC, de comprobarse que algunha das solicitudes non aporta a documentación antes sinalada, se requerirá ao interesado para que nun prazo de DEZ DÍAS HÁBILES acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que si así non o fixera se lle terá por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da LPAC.

Deberán presentarse os documentos orixinais ou copias compulsadas.

6.-Procedemento de adxudicación:

Iniciarase confeccionando unha relación de solicitudes agrupadas por tipo de actividade solicitada e ubicación. Posteriormente, o comité de valoración asignará puntos ás solicitudes aplicando os seguintes criterios de valoración:

6.1 Criterios de Valoración:

- 1) Experiencia demostrable no exercicio da profesión que asegure a correcta prestación da actividade nos últimos 2 anos:
Máximo 2 puntos (1 punto /ano)
- 2) Dificultades para o acceso ao mercado laboral por parte do solicitante:
Situación actual de desemprego superior a un ano debidamente acreditada: 0.5 puntos
Situacións individuais/familiares que dificulten ou poidan dificultar a integración laboral, acreditadas mediante o informe do traballador social: 0.5 puntos.
- 3) Solicitante maior de 45 anos:1 punto
- 4) Formación (participación en cursos, xornadas etc relacionadas coa actividade que solicita): 0.5 puntos.
- 5) Solicitud promovida por personas con capacidades diferenciadas: 1punto.
- 6) Estética do posto: valorarase a integración no entorno, calidade dos materiais do posto : 2 puntos
- 7) Postos de tradición histórica en Santiago :5 puntos

6.2- Adxudicación:

O comité realizará a valoración de conformidade cos criterios expostos asignando a puntuación correspondente a cada unha das solicitudes. A asignación de postos

realizárase considerando a puntuación obtida e a orde de prioridades sinalada na solicitude.

Realizada a baremación publicarase o resultado provisional na web do Concello de Santiago de Compostela durante un prazo de 10 días hábiles para que os interesados poidan realizar as alegacións que teñan por convinte.

Resoltas as alegacións elevarase a proposta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela, para a adxudicación definitiva dos postos.

A adxudicación farase a favor dos seleccionados que cumpran os requisitos, condicionada á presentación do xustificante de pago da taxa municipal no prazo máximo improrrogable de 15 días hábiles.

Nos casos de empate resolverase mediante sorteo entre os solicitantes que cumpran os requisitos

No caso de que o número de solicitudes que cumpran os requisitos excedera do número de postos, elaboraranse listas de agarda para unha nova asignación de postos.

O Concello expedirá as correspondentes autorizacións cos requisitos establecidos no Regulamento